



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE

AON
Empower Results®

Allianz

MARKEL



**DEPORTE
GALEGO**

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

COMUNICADO Nº 016/21
29 DE XANEIRO DE 2021



CALENDARIO “COAE” DE FEDERACIÓN S DEPORTIVAS ESTATAIS:

Nestes últimos días recibíronse varias queixas, no “Consejo Superior de Deportes”, de varias Comunidades Autónomas sobre a inclusión de competicións de ámbito autonómico incluídos nos calendarios das Federacións Estatais-Españolas, e por elo a estes efectos o “Consejo Superior de Deportes” recorda o seguinte:

Como consecuencia do Estado de Alarma declarado en España do 13 de marzo o 20 de xuño de 2020 pola pandemia do COVID-19, e en relación da posta en marcha das competicións deportivas, dende o “**Consejo Superior de Deportes**”(CSD) teñense desenrolado diferentes liñas de actuación para facilitar o **proceso de retorno a nova normalidade no ámbito do deporte.**

Unha destas liñas de traballo foi a elaboración dun **protocolo de actuación para a volta as competicións oficiais de ámbito estatal de carácter non profesional aplicable as tempadas de 2020 e 2021**, que foi suscrito polas Comunidades Autónomas, Federación Española de Municipios e Provincias, Federacións Deportivas Españolas, Asociación de Deporte Español, Comité Paralímpico Español, Comité Olímpico Español e outros interlocutores do deporte integrados no grupo de tarefas para o impulso do deporte do “**Consejo Superior de Deportes**”.

Como é coñecido, **este protocolo** establece un marco xeral relativo os procedementos médicos, sanitarios e hixiénicos, así como os protocolos operativos que **deben aplicarse na organización das competicións oficiais de ámbito estatal e de carácter non profesional (COAE), que poderá servir de referencia** e mínimo común denominador na regulación e control de competicións deportivas de ámbito estatal, que favoreza a necesaria armonización interterritorial e dentro administracións, e contribua a un desenvolvemento xusto e deportivamente igualitario de todas as competicións.

Por elo, e **co fin de que non exista nengunha confusión cos protocolos sanitarios aplicables a cada tipo de competición estatal**, recordamos que **o protocolo do “Consejo Superior de Deportes”, só e aplicable a “COAE”, e non as competicións de carácter e ámbito autonómico**, que terán que seguir as directrices específicas marcadas pola Xunta de Galicia, última responsable da regulación e control das competicións deportivas do ámbito autonómico de Galicia.

Don Jesús M^a Mardarás Arrúe
Subdirector Xeral do “**Consejo Superior de Deportes**”